



FREDO DE CARBEXE: *Parzámique en Brañavara*
/ *Conversación en Brañavara*
ANDOLÍA, 2014.

Os mundos da bruxa de Brañavara

Amparo López Fernández nacéu en Brañavara (Bual) un 27 d'agosto de 1917 y morréu nel Hospital de Xarrio (Cuaña) en 1997. Era —foi— a bruxa de Brañavara, ún dos personaxes máis singulares da Asturias del siglo xx. Porque Amparo vivíu entre dous mundos, ente dúas Asturias: úa morrendo axeitín y outra xurdindo d'úa modernidá tan borrosa entre el cerzo como a nebra fría da Serra da Bovia, al pé da que nacéu, vivíu y exercéu el sou saber nigromante al llargo d'úas décadas que cambiaron dramáticamente a cara del país. Y tamién a del sou país, el país da bruxa de Brañavara, máis alló del ámbito físico das súas andanzas por terras da Bovia, del Gumio, allargándose a súa influencia a os Ozcos, Taramunde y todo el valle del Eo y del Navia; y, einda máis, por toda Asturias, y hasta a emigración europea y americana llevóu con ella el acordanza da nigromante de Brañavara, á quen non poucas veces recurriron. Porque Amparo transitóu d'un mundo unde a cultura tradicional llabradora era el paradigma que rexía a vida, milagres y morte da xente, a outro unde ese mundo llabrador —d'úa firmeza engañosa— esmorecéuse y mudóu definitivamente hasta a súa cuase extinción. ¿Ou non? ¿Ou esa extinción en non poucas ocasióis é máis un deseo *etic* del culto estudioso qu'a vivencia *emic* del informante roncieiro? Porque se en dalgún ámbito da cultura tradicional hai úa fendedura entre a racionalidá segura y cómoda del investigador y a evidencia vital del investigao é condo a morte y a súa contundencia epistemolóxica amuran nel universo ideolóxico d'úa comunidá humana y, amáis, borra a



fronteira entre vivos y mortos. Entre a seguranza del que traza a xenealoxía d'un saber antigo y el ambigüedá de quen ten tratos col escuro mundo da noite.

D'eso trata este escelente ensayo —innecesariamente billingüe— del xeógrafo Fredo de Carbexé (Carbexé, El Franco, 1967), unde desurde a realidá y el mito d'esa intrigante y apasionante figura da bruxa de Brañavara. Amaña un texto ben estruturao y trabao nun sólido trabayo de campo, con úas referencias al actividá nigromante y adivinatoria nel occidente d'Asturias, tocando figuras como a bruxa das Campas (Clara de Rueda) o a bruxa de Sampol, ademáis das referencias bibliográficas y tamén filmicas (el documental *A bruxa de Brañavara*, de Berto Álvarez Peña), dalgúas ben chamadeiras, como el artículo de 1978 da revista *Triunfo*, que falaba «d'úa bruxa auténtica en Brañavara». Sigue el llibro encarando a gramática vital d'Amparo primeiro dende el mito, dende a sona y fondura antropolóxica del sou llabor adivinatorio y de comunicación cos mortos, ademáis de cómo foron estruturándose as consultas a cada volta máis numerosas y a cada volta procedentes de máis llonxe da Serra da Bovia, de Brañavara. Con un respeto d'agradecer pra cos informantes, apurrindo a información biográfica xusta, a necesaria pra interpretar al xeito a importancia

d'este xogo cua morte na sociedá asturiana del época, el autor dá conta d'un bon número de testimonios —dalgús xa parte del corpus da tradición oral del occidente d'Asturias— qu'illustran a necesaria proximidá da nigromante cos vecíos, ademáis das ambigüedades da súa relación col clero y os poderes estructuraos institucionalmente. Però naturalmente el autor, qu'al cabo nun deixa de ser un xeógrafo, un científico social, dá tamén us apuntes máis formales académicamente del actividá da de Brañavara dende el epigrafe da Ciencia. Y, pr'acabar, úa imaxinaria ¿ou non? visita del autor a Brañavara y conversación con Amparo, nun texto unde a fruxe d'escritor de Fredo de Carbexé sal muito ben d'un desafío: dar vida y verosimilitú a úa consulta, a úa visita y conversación con Amparo López, a que dicían qu'era el última bruxa del occidente d'Asturias. ¿El última? Val máis chamar á prudencia, porque afirmar a estinción d'úa estirpe de mueres adivías é un pouco peligroso, einda máis condo, tenuemente, chegan voces das Asturias occidentales que falan de tratos cos mortos, dos sous encargos pra os vivos, de palabras ditas axeitín na noite fonda da Asturias máis fonda.

IGNACIU LLOPE